BRAGUINO

[Clément Cogitore, 2017, Francia/Finlandia, 50', VOSE]

Dirección e guión **Clément Cogitore**
Fotografía **Sylvain Verdet**
Montaxe **Pauline Gaillard**
Son **Julien Ngo Trong e Franck Rivolet**
Música **Éric Bentz**
Elenco **familias Braguine e Kiline**
Produción **Seppia Production, Making Movies Oy, La Lucarne**
Distribución **NouCinemart**

Na taiga siberiana, dúas familias viven illadas a máis de 700 kilómetros da aldea máis próxima. Non se falan entre elas e réxense polas súas propias normas e leis. Entre as dúas, o río actúa coma fronteira mais tamén como lugar de encontro entre as crianzas das dúas familias, onde crean novos vencellos, alleos aos conflitos adultos, guiadas unicamente pola imaxinación.

VINDEIRAS SESIÓNS **MARZO 2021**

MARTES 9 ás 19:30 h
THIS IS NOT A BURIAL, IT'S A RESURRECTION
(Lemohang Jeremiah Mosese, 2019, 120 min., VOSE)

MARTES 16 ás 19:30 h
THOSE THAT, AT A DISTANCE RESEMBLE ANOTHER
(Jessica Sarah Rinland, 2019, 67 min., VOSE)

MARTES 23 ás 19:30 h
BETWEEN FENCES
(Avi Mograbi, 2016, 85 min., VOSE)

www.facebook.com/cineclubepontevedra · cineclubepontevedra.blogspot.com
twitter.com/CineclubePo · instagram.com/cineclubepontevedra

Organiza:

CINECLUBE PONTEVEDRA

Coa colaboración de:

CONCELLO DE PONTEVEDRA · TEATRO PRINCIPAL Concello de Pontevedra · FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA · AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais · XUNTA DE GALICIA

FS#136
2.3.2021

BRAGUINO

CLÉMENT COGITORE

CINECLUBE PONTEVEDRA

A forza e mailo encanto da taiga non residen nas árbores xigantes nin no silencio sepulcral, senón en que só as aves de paso saben onde esta remata.
ANTON CHÉJOV

ENTREVISTA CON **CLÉMENT COGITORE**

Como chegaches a coñecer a familia Braguine, que vive perdida nas profundidades da taiga? Comecei a traballar en *Braguino* algo antes de *Heaven Nor Earth* (2015). En 2011 acababa de rematar o meu primeiro documental, *Biélutine*, sobre coleccionismo de arte en Rusia. Viña de rodar, en interior, durante unha ducia de días, unicamente á luz das candeas, un filme arredor da fala. Pensei que para o meu seguinte filme preferiría ir nunha dirección radicalmente oposta a esa rodaxe sufocante e filmar espazos abertos. Oíra falar sobre os vellos crentes, un grupo minoritario de ortodoxos rusos.

Na Idade Media adentráronse lentamente nos bosques para fuxiren da persecución do Estado e da Igrexa. Unha cousa levou á outra, e a miña pesquisa levoume até Sacha Braguine, que proviña dunha comunidade de vellos crentes.

Guioume tamén o desexo de contar unha historia sobre a infancia e os bosques. Para min, os bosques simbolizan o espazo da ficción, un espazo de contemplación e de medo, onde imaxinamos monstros, onde os relatos épicos cobran vida, onde erguemos os primeiros refuxios da infancia, cabanas e casas nas árbores. Eu medrei nun val da cordilleira dos Vosgos, rodeado de bosque. Aí foi onde se nutriu e se construíu a miña imaxinación. Quería volver examinar todo isto. Mais dirixíndoo cara a unha situación máis extrema cá miña propia experiencia persoal: que tal unha horda de crianzas que viven libres e illadas do mundo?

Cando as crianzas da familia Kiline chegan á illa, temos a impresión de estarmos ante un exército altamente organizado que aparece no campo de batalla. Provocaches ti esta situación? Esa escena é realmente unha clase de xeopolítica levada ao terreo de nenas e nenos de 6 a 8 anos! Dá a impresión de estarmos ante unha proba de laboratorio sobre como invadir o territorio doutra persoa. Unicamente agardei por esa escena, e fixen todo o preciso para que sucedese... Xeralmente as crianzas Kiline e Braguine túrnanse para xogar na illa, mais as crianzas Kiline estaban tan intrigadas pola cámara que, aos poucos, fóronse achegando. Xa logo despregouse esa escena ao modo *West Side Story*, unha batalla sen loita, bandas rivais ocupando un mesmo territorio.

Coma nos teus traballos previos, *Braguino* móvese entre o documental, o conto e a fantasía. A situación e o material co que traballei fixérono posible. As imaxes eran documentais, tomadas sobre o terreo. A escena do despezamento do oso é case cinema etnográfico. Filmo homes traballando, a súa vida cotiá. Mais para nós o oso tiña o mesmo impacto ca un monstro nun conto de fadas e procurei manter esta dimensión case mitolóxica. Houbo tamén auténticos momentos que che facían mergullar nun conto de fadas, coma aquel en que a nena chega co seu vestido rosa e as súas gadoupas de oso. Nese tipo de intres o único que precisas é estar aí para poder capturalos. A escena do oso foi algo co que non contabamos porque só matan dous osos ao ano. Serve coma contrapunto a esa natureza aparentemente idílica e envíanos de volta ao salvaxe e ás súas dimensións máis brutais e terroríficas. Respectan o oso basicamente porque lle teñen medo. Os osos son o terror da taiga, poden destrozar unha cabana, comer un home ou un neno.

E a escena en que aparecen os furtivos no helicóptero? O helicóptero constitúe unha escena central. Non só non contaba con ela, senón que nin imaxinaba que fose posible polo dificultoso e caro que é viaxar en helicóptero. A chegada dos furtivos, a devastación que traen canda as súas armas automáticas, implica a destrución inminente, a fin do soño de illamento de Sacha, ou simplemente a fin da posibilidade de vivir xuntos. Cando o helicóptero chega, enfurecido, decatámonos de súpeto de cal é o maior perigo que ameaza o lugar. Os personaxes de *Braguino*, tanto crianzas coma persoas adultas, semellan fráxiles e desarmadas perante a violencia que está por chegar. Aí é onde a historia se converte en traxedia.

Xa en 2012, a familia Braguine contábame que esta xente comezaba a chegar, devastando a zona ao seu paso. Eu tomárao coma algo que era paranoia súa. Mais esta escena pon sobre a mesa o tema da brutalidade da civilización, o resto do mundo irrompendo cal *deux ex machina*. Axiña podemos intuír que a batalla está perdida de antemán. Contra o oso, os Braguine poden loitar; é unha batalla ritualizada. Mais contra os furtivos non teñen nada ao que se aferraren, nin armas nin palabras. Aquilo que considerei unha vez delirio paranoico era efectivamente unha realidade aterradora da que me decatei decontado: o mundo voltárase pequeno de máis.

Este microcosmos que atopara non me estaba relatando unicamente a historia dunha comunidade mitolóxica, senón que falaba sobre o funcionamento do mundo. Fiquei abraiado tamén a nivel cinematográfico: estaba a ver a escena cobrar vida diante dos meus ollos, coma se nalgures existise un guión. Vímonos na obriga de cortar a gravación moi á présa, mais afortunadamente puidemos gravar o audio.

Fragmentos dunha entrevista a Clément Cogitore realizada por Claire Vassé en setembro de 2017.
Tradución ao galego: Cineclube Pontevedra.